

# Os mitos do amor romántico



## OBXECTIVOS DA DINÁMICA

- » Desmontar os mitos do amor romántico
- » Previr a violencia de xénero
- » Crear as bases dun pensamento crítico no alumnado
- » Promover o respecto e a igualdade de xénero

## CONTIDO DESTE DOCUMENTO

- » Este documento contén:
  - » Follas 2 e 3: Contra-mitos do amor romántico para imprimir en folla-pegatina e recortar.
  - » Folla 4: Solucións das parellas Mitos-ContraMitos

## DESENVOLVEMENTO DA DINÁMICA

- » Fórmanse 4 equipos de traballo, heteroxéneos en canto ó sexo sentido.
- » Podedes elixir entre entregar aos 4 grupos tódolos contra-mitos ou repartilos nos diferentes grupos. Entréganselle recortados.
- » Como instrución para o traballo en equipo lles pedides que tenten pensar no mito do amor romántico que tenta desmontar cada contramito e o apunten nun papel.
- » Unha vez rematan os grupos o seu traballo faise a corrección en gran grupo.

## PREGUNTAS PARA A REFLEXIÓN

- » Foivos moi difícil ou moi fácil esta dinámica?
- » Se foi moi difícil... a que foi debido, a que non coñecíades o mito ou a que vos foi difícil desmontalo?
- » Se vos foi moi fácil... como pensades que isto que tedes tan marcado pode afectar ás vosas relacións de parella?
- » Sentides disconformidade con algunha afirmación? Con cal?
- » Que contra-mito custouvos máis descubrir?
- » Pensades que os mitos do amor romántico están presentes na vosa idea de parella?
- » Se pensades nunha situación de violencia machista... analizade cada mito e pensade como colabora a que unha muller poida normalizar esa violencia.
- » Pensades que é saudable facer caso dos mitos?





DE VERDADE  
APRENDESE  
AMANDO  
MÁIS DUNHA  
VEZ



QUEN BEN  
TE QUERE  
FARATE  
RIR



# Corrección Mitos - Contramitos



Contra-Mito	Mito
Quen ten ciúmes está acomplexado	Quen non ten ciúmes, non está namorado
O verdadeiro amor toma en conta os nosos defectos	O verdadeiro amor nace a pesar de tódolos defectos
O amor NON todo o perdoa	O amor todo o perdoa
Eu véxome moi enteiriña	Todos temos a nosa media laranxa
De verdade apréndese amando máis dunha vez	De verdade só se ama unha vez
Do amor ó odio hai un abismo	Do amor ó odio hai un paso
Quen ben te quere farate rir	Quen ben te quere farate chorar
Con el sintome contenta	Con el sintome completa